

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 09 DE ABRIL DO 2026.

ASISTENTES:

<p>Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> <p>Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Nove de Abril do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 01/04/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/662 (INT.)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 31/03/2026. DECRETO: "Aprobación das bases da convocatoria para selección de entidade colaboradora para a entrega e distribución das axudas dirixidas a propiciar o fortalecemento do sectores comercial local a través da incentivación do consumo mediante o programa de bonos "AMARIBEIRA 2026" e "Aprobación do modelo de convenio a asinar coa entidade colaboradora resultante do proceso de selección para a entrega e distribución dos fondos das axudas dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector comercial local a través da incentivación do consumo mediante o programa de "bonos AMARIBEIRA 2026""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/570

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/03/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CARRIL BICI PARA LA CONEXIÓN DEL CASCO URBANO DE RIBEIRA CON LA PARROQUIA DE PALMEIRA”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/571

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/03/2026. DECRETO: “DESESTIMACIÓN AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “ESCOLA DE DEPORTES NAUTICOS DE AGUIÑO””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/040

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/04/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CARRIL BICI PARA LA CONEXIÓN DEL CASCO URBANO DE RIBEIRA CON LA PARROQUIA DE PALMEIRA”

6.- LICENZA DE ACTIVIDADE - Asociación AMBAR

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: FORMACIÓN OCUPACIONAL E PARA O EMPREGO “TALENTOS DIVERSOS”
CLASIFICACIÓN DO SOLO: (Plano 3.4)-Articulo 158: Ordenanza 7ª.-Solo urbano industrial – Industria en Pasillo – Plan parcial do polígono de Xarás.
REFª CATASTRAL: 0336917NH0103S0001ZP
SITUACIÓN: AVDA RAMIRO CARREGAL, Nº 4, RIBEIRA
PROMOTOR/A: ASOCIACIÓN AMBAR (CIF- G15052434)
DOCUMENTACIÓN INICIO DE ACTIVIDADE: PROXECTO DE ACTIVIDADE E ADECUACIÓN DE LOCAL PARA DESTINARLO A DESPACHO PROFESIONAL

VISTA a comunicación previa de obra menor para o inicio de actividade presentada pola entidade **ASOCIACIÓN AMBAR (CIF- G15052434)**, representada por **Dna. Milagros Rey Pérez con NIF ***431*****, para **INICIO DE ACTIVIDADE** para **FORMACIÓN OCUPACIONAL E PARA O EMPREGO “TALENTOS DIVERSOS”**, no lugar de **AVDA RAMIRO CARREGAL, Nº 4, RIBEIRA**.

CONSIDERANDO que de acordo coa Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo



cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, e da documentación obrante no expediente

VISTO o informe emitido polo arquitecto técnico municipal o día 26 de xaneiro de 2026

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 7 de abril de 2026, unha vez cumprimentada pola promotora a subsanación de documentación da que adolecía o expediente.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade á comunicación previa de obra menor e inicio da actividade presentada pola entidade **ASOCIACIÓN AMBAR (CIF-G15052434)**, representada por **Dña. Milagros Rey Pérez con NIF ***431*****, para **INICIO DE ACTIVIDADE** para **FORMACIÓN OCUPACIONAL E PARA O EMPREGO “TALENTOS DIVERSOS”**, no lugar de **AVDA RAMIRO CARREGAL, Nº 4, RIBEIRA**.

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261778515
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2026	Fecha: 09/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/04/2026 14:02:15		Hora: 14:02



7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26667 05.11.2025 SAMUEL PÉREZ PARADA, renovación de tellado, na Graña, Carreira, (2025 COMU000549).

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26784 06.11.2025 SAMUEL PÉREZ PARADA, construción de peche, na Graña, Carreira, (2025 COMU000550).

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5807 11.03.2026 ARGOSASIL S.L., susbtitución de cuberta, cambio de fiestras, formigonado de patio e arranxo de fachada, na rúa do Peñón, 7, Palmeira, (2026 COMU000072).

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5418 06.03.2026 JORGE GONZÁLEZ VEIGA, reforma de baño, na Avda. da Coruña, nº 118-3ºC, Ribeira, (2026 COMU000066).

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)



Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5543 09.03.2026 COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIF. MALECÓN 18, reparación de fachada con sistema sate, na Avda. do Malecón, nº 18, (2026 COMU000068).

12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Dora Fernández Sampedro

Visto o escrito presentado por **Dora Fernández Sampedro**, de data 07/01/2026 (Registro de entrada nº 307), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A026010910000KU, situada en Pirimbello, Polígono 026, Parcela 01091, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 31/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: FERNANDEZ SAMPEDRO DORA
NIF: ***840***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: PIRIMBELLO Pol. 026 Par. 01091- COUSO.

Ref. Catastral: 15074A026010910000KU

Plano do URBANISTICOS: Planos nº 2.16 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0407 do PBA, Folla BE04 do POL.

Plano do INVENTARIO: Planos nº 13 do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

Plano do SERVICIOS: Planos de concesionaria VIACUA, donde se ubican las líneas de Auga Potable e saneamento con diámetros e materiais das canalizacións.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 07.01.2026, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 2026307), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano de referencia catastral.

03.02. Con data do 07.01.2026, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 2026369), unha solicitude de información urbanística.

- Apoderamento.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.



- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05. INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01. Réxime urbanístico (PXOM+LSG):

Para a situación dentro da parcela para as que solicita información atópase con unha normativa de Aplicación o solo urbano Ordenanza 8.1 (Dotacional) – Artículo 159 – Dotacional de equipamentos de espazos verdes públicos.

A parte do terreo clasificado como solo urbano aplicáselle integramente o exposto no PXOM para esa norma De conformidade Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) o solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

05.02. Réxime de afecions sectoriais segun (PBA):

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Autorización de industria, por estar afectado por unha linea eléctrica.

05.03. Réxime de afecions sectoriais (POL):

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Informe vinculante Estudos do Territorio, por estar en zona Mellora Ambiental e Paisaxística.
- Informe Litoral – Xunta de Galicia, por estar en zona Protección Costeira.
- Informe Medios da Natureza – Xunta de Galicia, por estar en zona espazos de Interes

05.04. Réxime de informes varios (Servicios):

- Segun a concesionaria de Desague e Auga potable o Ben inmovible SI conta con lineas de Agua, e o Desague pola cercanas; para solicitude de acometidas ten a súa disposición tramite previo ante a concesionaria (e fundamentar que a concesionaria se pronuncie en terminos de presión e suficiencia de abastecemento).

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 159: Ordenanza 8.1 - Dotacional de equipamentos de espazos verdes públicos

Definición

Se trata de una ordenanza que regula las condiciones de la edificación que ha de ser utilizada con fines ocio - culturales y deportivos, siempre de carácter provisional, dentro de las áreas de espazos libres de uso público.

Se pretende redactar una ordenanza de aprovechamiento muy restringido que permita la aparición de pequeños kioscos u otros servicios complementarios de carácter desmontable que complementen las actividades de esparcimiento y reposo de los usuarios.

Ámbito: El ámbito de aplicación son los espazos libres y zonas verdes de uso público.

Obras admisibles: Son admisibles únicamente las obras de montaje y desmontaje de elementos arquitectónicos prefabricados desmontables, así como de las infraestructuras necesarias para su utilización, que deberán quedar ocultas y registrables mediante las correspondientes arquetas de acometida, quedando cedidas al municipio en caso de desmontaje de las edificaciones por extinción de las concesiones.

Usos globales. Características. Compatibles y Prohibidos: El uso global es el de dotacional de



equipamientos.

El uso pormenorizado característico es el de equipamiento de espacios libres de uso público.

Quedan prohibidos expresamente todos los usos que no tengan una relación de estricta dependencia del uso característico. Es decir, sólo se admitirán los kioscos de restauración y prensa, los aseos y servicios de mantenimiento de la jardinería y aquellas construcciones desmontables de utilización esporádica que sean adecuadas para la utilización pública de estos espacios y que no pongan en peligro el carácter libre de los mismos.

Tipologías edificatorias: La tipología edificatoria para esta zona es la de edificación desmontable de pequeño tamaño y completamente adaptada al medio ajardinado.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela: No se permite ningún tipo de parcelación que altere la estructura de la propiedad representada en los planos, aunque será admisible la concesión de derechos de explotación temporal de determinadas áreas.

Condiciones de ocupación: La ocupación máxima de la parcela será del 1%.

Ocupación bajo rasante: No se permite más edificación bajo rasante que para su utilización infraestructural dentro del 1% máximo.

Condiciones de volumen: El volumen de la construcción no está sujeto a ninguna otra determinación que la de cumplir el resto de los parámetros de la edificación.

Edificabilidad: La edificabilidad máxima es de 0,01 m²/m².

Altura de la edificación:

Número de plantas: el número máximo de plantas será el de 1 planta contadas desde la rasante del terreno en contacto con la edificación. Es decir, sólo se permite la planta baja y la utilización de su cubierta como terraza.

Altura de la cornisa: la altura máxima será de 5 m. medida desde la rasante del terreno más desfavorable.


Altura de coronación: La altura de coronación máxima será la de 7 m. medidos desde la rasante del terreno más desfavorable.

Altura de plantas: La altura libre mínima de cada planta será de 2,60 m. y de 2,90 m. entre forjados cuando lleven falso techo con instalaciones.

Elementos arquitectónicos: No se computarán a efectos de edificabilidad la planta única bajo cubierta que quede por encima de la altura de cornisa y dentro de los paños de cubierta que, arrancando de la línea de cornisa, formen una pendiente máxima de 30 grados.

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 80 cm.


Condiciones ambientales y estéticas: La edificación no estará sujeta a ninguna forma o condición predeterminada, quedando libre para resolver su programa con toda libertad. Se dará la mayor importancia al ajardinamiento de los espacios libres y al tratamiento de la zonas peatonales con objeto de establecer espacios de relación con el medio.




Plano nº 2.16 do PXOM. MONTAXE.

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261778515
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA	- 09/04/2026	Fecha: 09/04/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 09/04/2026	Hora: 14:02
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES		






Plano nº 2.16 do PXOM.



Plano nº 0151A-0407 do PBA.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/04/2026
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2026
 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y
 FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/04/2026 14:02:15

DOCUMENTO: 20261778515

Fecha: 09/04/2026


Hora: 14:02



Plano nº BE04 do POL.



Plano concesionaria de Servizos Públicos (Auga e Desaugue).



Plano inventario (vías públicas).

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Ramón Tojo Ferrero

Visto o escrito presentado por **Ramón Tojo Ferrero**, de data 09/10/2025 (Registro de entrada nº 24.516), no que solicita certificación urbanística en relación a 36 vivendas en seis bloques sitas en Praia Área Secada, rúa Touro, 15960, Ribeira (licenza de obras nº 37/2007).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 18/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

- As 36 vivendas en seis bloques sitas en Praia Área Secada, rúa Touro, 15960, Ribeira (licenza de obras nº 37/2007) non teñen pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os último seis anos.

14.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE CERTIFICADO URBANÍSTICO E CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 36/2007 – VEPAERLI, S.L.

LICENZA DE OBRA Nº 36/2007: Concedida pola Xunta de Goberno Local á entidade REVINMOSIAL S.L. en sesión celebrada na data 25 de xaneiro de 2007.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de edificio de vivendas.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado.

REFª CATASTRAL: 15074A05001360.

SITUACIÓN: Lugar do Faro - Atalaya, Corrubedo, Ribeira.

PROMOTOR/A INICIAL: REVINMOSIAL S.L.

PROMOTOR ACTUAL: Actualmente o novo promotor é a entidade VEPAERLI S.L. (CIF B21929054) segundo contrato de compraventa autorizada polo Notario Sr. José Carlos Hermida Plana o día 7 de agosto de 2025.



Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2007 concedeu a licenza de obras nº 36/07 á entidade REVINMOSIAL S.L. para a construción de edificio de vivendas en parcela con refª catastral nº 15074A05001360 e sito no Lugar do Faro - Atalaya, Corrubedo, Ribeira.

SEGUNDO.- Posteriormente a entidade VEPAERLI, S.L. (CIF B21929054), adquiriu a licenza de obras nº 36/07 en virtude da escritura pública de compravenda de inmobles outorgada perante o Notario Sr. José Carlos Hermida Plana o día 7 de agosto de 2025, que foi debidamente comunicada ao Concello de Ribeira os días 3 de outubro de 2025 e 20 de marzo de 2026, (Rexistro de entrada nº 24.077 e 6.542 respectivamente), solicitando certificado urbanístico de que non consta expediente de infracción urbanística e de caducidade da licenza nº 36/07 así como cambio de titularidade da mencionada licenza e aportando novos Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 12 de setembro de 2025 e Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de día 15 de setembro de 2025.

Polo anteriormente exposto, vistos os antecedentes obrantes no expediente, e **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- TOMAR COÑECEMENTO e PRESTAR CONFORMIDADE ao CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 36/07 en favor da entidade VEPAERLI, S.L. segundo contrato de compravenda de inmobles autorizada polo Notario Sr. José Carlos Hermida Plana o día 7 de agosto de 2025, para a construción de edificio de vivendas en parcela con refª catastral en parcela con refª catastral nº 15074A05001360 e sitios no Lugar do Faro - Atalaya, Corrubedo, Ribeira así como tomar coñecemento dos novos Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 12 de setembro de 2025 e do Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de día 15 de setembro de 2025.

SEGUNDO.- Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas depencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de caducidade nin de restauración da legalidade urbanística en relación á licenza de obra nº 36/2007.

TERCEIRO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.



CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscales y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de eficiencia enerxética.*
- *Proxecto Técnico de Infraestructuras Común de Telecomunicacións con Protocolo de Probas.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

SIXTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261778515
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2026	Fecha: 09/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/04/2026 14:02:15		Hora: 14:02



- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

17088 11.07.2025 JOSÉ MANUEL CASAS FERNÁNDEZ, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Goda, Artes.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

10743 3.04.2024 MARIA DEL CARMEN SANTOS QUEIRUGA, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Muiños, Oleiros.



**17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓ
INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

815 13.01.2026 PABLO SARASQUETE FARIÑA, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Perdigoteira, Queimadoiros, Artes.

**18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓ
INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

11369 16.05.2025 MARTA NÚÑEZ RIANDE, comunicación previa de primeira ocupación de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, na rúa Dr. Torres, 18, Palmeira.

**19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓ
INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

3320 11.02.2025 HEBER DANIEL OTERO SALOMON, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Martín, Ribeira.

20.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS ADCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, e o Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 31/03/2026, relativa a autorización de uso temporal de instalacións adcritas á Área de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Virginia Nóvoa Álvarez, en nome da Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, sede electrónica núm. 2026 4265 de data 24 de febreiro de 2026, interesando dispor do Auditorio Municipal de Ribeira para celebrar unha Gala/Evento benéfico en colaboración con Mimarte previsto o día 10 de maio de 2026.

Actuacións de oficio:



Engádesse ao expediente información solicitada á entidade organizadora referida á Programación do Evento; Horarios; Necesidades Técnicas e loxísticas así como destino da recadación benéfica que foi recibida no enderezo electrónico da área municipal culturaefestexos@ribeira.gal na da 24/03/2026 ás 21.28 horas.

Considerando que:

- O evento é organizado por unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro municipal de asociacións de Ribeira.
- Trátase da posta en escena de diferentes intervencións artísticas a cargo do grupo Mimarte de Ribeira.
- A recadación destínase a favor do Fondo Social da Dorna que procura apoiar causas que beneficien á comunidade.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

- Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira.
Domingo 10 de maio de 2026 en horario de 9.00-14.00 h/16.00-19.00 h preprativos e ensaios; 19.30 h apertura das instalacións; 20.00-21.45 h celebración da gala e 22.30h saída.
- Medios persoais e técnicos. Servizo de bedelía. Apoio técnico de son, iluminación e audiovisual así como loxístico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Gala/Evento benéfico organizado pola Asociación Real e Ilustre Cofradía da Dorna en colaboración con Mimarte, cuxa recadación se destinará ao Fondo Social da Dorna.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o domingo 10 de maio de 2026 (de 9.00-14.00 h/16.00-19.00 h preprativos e ensaios; 19.30 h apertura das instalacións; 20.00-21.45 h celebración da gala e 22.30h saída) xunto co apoio medios persoais, técnicos e loxístico en atención á boa execución do evento (acceso, limpeza, iluminación, son entre outros).
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO

- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puideran orixinarse.
- En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.



6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carriños de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento “Aloha” (Ribeira), de data 01/04/2026 (Rexistro de entrada nº 7.582), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Aloha” (Ribeira), o día 11/04/2026, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

22.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ANTIDROGA - RENACER (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 06/04/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga - RENACER, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade das “Campañas informativas e de sensibilización no ámbito da prevención” durante o ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/04/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga - RENACER, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade das “Campañas informativas e de sensibilización no ámbito da prevención” durante o ano 2025, por importe de 3.400 €.



23.- ACHEGA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN DE APOIO Á INFANCIA E AO BENESTAR - FAIBEN (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 06/04/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar -FAIBEN, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do proxecto “Contigo”, durante o ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/04/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar -FAIBEN, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do proxecto “Contigo”, durante o ano 2025, por importe de 3.400 €.

24.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Eva María Queiruga Teira

Visto o escrito presentado por **Eva María Queiruga Teira**, de data 27/03/2026 (Registro de entrada nº 7.205), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A022009830001LE, 15074A022009830000KW e 15074A022009840000KA.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 06/04/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600007205 do día 27 de marzo de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA



- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS


4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencias catastrais 15074A022009830001LE, 15074A022009830000KW e 15074A022009840000KA, atópase baixo dúas clasificacións de solo diferentes, estando unha porción das parcelas clasificada coma solo rústico de protección ordinaria e outra coma Solo Urbano Residencial extensivo unifamiliar illado (Ordenanza 6.3.A), segundo o PXOM de Ribeira, nos seus planos 6.2, Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos (Carreira), a escala E:1/2.000 e 2.17 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais sistema viario, a escala E:1/5.000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado, e segundo a DT1ª.2.d. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia* ao Solo Non urbanizable ou solo rústico aplicaráselle o disposto na *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia para o Solo rústico*.



O artigo 150 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, exige de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:



“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:
[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse a parcela coma dúas parcelas independentes.

As Ordenanzas que regulan as actuacións urbanísticas nesta parcela son:

“ARTIGO 157: ORDENANZA 6.3.A.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.

1. Definición e ámbito.

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificado dos núcleos urbanos en contacto cas dirección de estrada e rúas definidas nos planos de ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán, ademais do uso característico as terciarias que teñan una relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e dos sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da vivenda unifamiliar illada.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 m.

Condicións de Forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m de diámetro.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

4.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Altura da edificación: Número de plantas B+1+BC, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,50 m. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,50 metros

Altura de coroación: 4,0 metros desde o último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata una altura máxima de 1,0 metros, podéndose aumentar esta altura mediante elementos diáfanos ata una



altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode alcanzar una altura máxima de 1,50 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxilliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizará se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,90 m, debendo ser acristaladas nun 50%.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,60 m.

Cubertas: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas, empregando en calquera caso, como material de cobertura, tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

4.5. Condicións ambientais e estéticas:

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboreadas.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohibese o emprego de máis de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohibense os muros de bloques sen revestir.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase cos ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

“ARTIGO 129: SOLO RÚSTICO COMÚN: NORMA ZONAL 2.1”

1. Definición e ámbito

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.



- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.
- Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

Na disposición transitoria terceira. Réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico.

1. As construcións executadas en solo rústico ao amparo da licenza urbanística poderán manter o uso autorizado e cambialo a calquera dos previstos no artigo 40. Se poderán executar nelas, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, aínda cando non cumpran as condicións de implantación, uso e edificación establecidas por esta lei.
2. Así mesmo, nas construcións previstas no número anterior, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, poderán executarse obras de ampliación da superficie edificada lícitamente, cumprindo os seguintes requisitos:
 - a) Cando se trate de terreos que deban ser incluídos no solo rústico de especial protección segundo esta lei, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano ca competencia sectorial correspondente.
 - b) Que cumpra as condicións de edificación establecidas polo artigo 39 e polo planeamento urbanístico.
 - c) Que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe.
 - d) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40.
3. O previsto nesta disposición se entenderá sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a



recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.

c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.

d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.

e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).

b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.

c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.

d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.

e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

g. Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

4.3. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela encóntrase parcialmente afectada, na zona por servidume de protección de canles, e por estar dentro da faixa de protección da estrada CP-7305, polo que será preciso contar ca autorización previa do Organismo competente nas materias, aos efectos de poder levar a cabo calquera actuación urbanística do solo.

5. OBSERVACIÓNS

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da Lei 2/2016, do solo de Galicia, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG



aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado; e segundo a DT1ª.2.b. da LSG, ao solo rústico ou apto para urbanizar aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE PASO CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO “IV RAID EUROPEO DE NAVEGACIÓN A ESTRADA 2026”

Visto o escrito presentado por Fernando Campos Dono en representación do **Team Rally Strada**, de data 05/03/2026 (Registro de entrada nº 5.270), no que solicita que se autorice ou informe favorablemente o paso por este concello do evento motociclista “IV Raid Europeo de Navegación A Estrada 2026”, o día 17/04/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

Visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 08/04/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

- Autorizar o paso por este concello do evento motociclista “IV Raid Europeo de Navegación A Estrada 2026”, o día 17/04/2026.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

26.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: ANA MANEIRO SANTIAGO. LUGAR: RÚA FALCATO, CORRUBEDO, RIBEIRA

VISTO o expediente incoado a instancia de D. Xerardo S. Tarrío Calvo actuando en nome e representación de **Dna. Ana Maneiro Santiago**, (DNI ***597***), rexistrado de entrada o día **19 de febreiro de 2026**, (registros de entrada nº 3.953), mediante o que solicita **licenza de segregación de parcela** con refª catastral nº 15074A051004400000KE e sita no **lugar de Falcato, Corrubedo, Ribeira**, achegando Proxecto modificado de segregación de parcela redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Xerardo Santiago Tarrío Calvo, asinado dixitalmente o 19 de febreiro de 2026

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **11 de marzo de 2026**.

VISTO o **acta e plano de cesión** asinado pola arquitecto municipal o día **11 de marzo de 2026** en relación á superficie de **7,72 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.

VISTO o **contrato de cesión** asinado por **Dna. Ana Maneiro Santiago**, (DNI ***597***), o día **13 de marzo de 2026** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **7,72 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.



VISTO o informe xurídico emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo con data 13 de marzo de 2026

VISTO o informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data 18 de marzo de 2026

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, a xunta de goberno local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna. Ana Maneiro Santiago a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 3/26)** con refª catastral nº 15074A051004400000KE e sita no lugar de Falcato, Corrubedo, Ribeira, nos termos do proxecto modificado de segregación de parcela redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Xerardo Santiago Tarrío Calvo, asinado dixitalmente o 19 de febreiro de 2026:

- SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado pola Sra. Ana Maneiro Santiago, o día 13 de marzo de 2026 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 7,72 m² en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261778515
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA	- 09/04/2026	Fecha: 09/04/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 09/04/2026	Hora: 14:02
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/04/2026 14:02:15		



QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

27.- ADHESIÓN AO INCREMENTO DA ACHEGA AUTONÓMICA PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

I. ANTECEDENTES

Con data 27 de marzo de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de marzo de 2026 da Consellería de Política Social e Igualdade, pola que se actualiza o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) para persoas en situación de dependencia.

A citada orde modifica o anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, establecendo unha actualización progresiva do financiamento autonómico do servizo.

En particular, establécese:

- Unha achega máxima ordinaria de 12 €/hora efectiva de atención.
- Un incremento adicional condicionado para as entidades locais que presten o servizo en condicións de estandarización e homoxeneidade, consistente en:
 - +4 €/hora no ano 2026
 - +5 €/hora no ano 2027
 - +6 €/hora no ano 2028 e seguintes

Así mesmo, a orde establece a necesidade de que as corporacións locais manifesten expresamente a súa vontade de acollerse a este incremento no prazo dun mes desde a entrada en vigor da norma.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Orde do 26 de marzo de 2026 da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, reguladora do servizo de axuda no fogar.

III. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeira. O Servizo de Axuda no Fogar constitúe unha prestación esencial dos servizos sociais comunitarios básicos, sendo competencia municipal a súa organización e xestión.

Segunda. O incremento da achega autonómica supón unha mellora substancial no financiamento do servizo, permitindo:

- Reducir a carga financeira municipal.



- Garantir a sustentabilidade do servizo.
- Mellorar a calidade da atención ás persoas en situación de dependencia.

Terceira. Este Concello presta o servizo de axuda no fogar conforme aos requisitos de estandarización e homoxeneidade establecidos na normativa vixente, incluíndo os servizos básicos definidos na Orde do 22 de xaneiro de 2009.

Cuarta. A adhesión ao incremento non supón obrigas adicionais incompatibles coa organización actual do servizo, sendo plenamente viable a súa aplicación.

Quinta. A orde establece efectos retroactivos para o exercicio 2026 (desde o 1 de xaneiro), o que supón a posibilidade de percibir liquidacións complementarias.

IV. RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido en sentido favorable pola Xefa de Servizo dos Servizos Sociais Comunitarios, María Francisca Vidal Regueira, de data 07/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Acordar a adhesión do Concello de Ribeira ao incremento da achega autonómica para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, previsto na Orde do 26 de marzo de 2026.

Segundo. Declarar que este Concello presta o servizo de axuda no fogar en condicións de estandarización e homoxeneidade, conforme aos requisitos establecidos na normativa aplicable.

Terceiro. Manifestar a vontade expresa de acollerse ao financiamento adicional previsto, autorizando a presentación da correspondente declaración ante a Consellería de Política Social e Igualdade.

Cuarto. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261778515
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2026	Fecha: 09/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/04/2026 14:02:15		Hora: 14:02

